

O

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2020/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	4 de xuño de 2020
<b>Duración</b>	Desde as 21:11 ata as 22:43 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
<b>Secretaria</b>	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





[REDACTED]	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
[REDACTED]	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
[REDACTED]	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
[REDACTED]	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
[REDACTED]	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ
[REDACTED]	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión a celebrar mediante videoconferencia, mentres dure o estado de alarma, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 7 DE MAIO DE 2020

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 7 de maio de 2020, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Antes de pasar á parte de Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** pregunta se algún grupo da oposición quere presentar moción de urxencia, non presentándose ningunha.

#### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

#### DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 4 E O 29 DE MAIO DE 2020

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 4 e 29 de maio de 2020 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2020-0437 ao número 2020-0539 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



## C) ROGOS E PREGUNTAS

Intervén o voceiro do grupo político municipal do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, quen lamenta que esta sesión ordinaria non inclúa máis asuntos na súa orde do día, sobre todo tendo en conta que o seu grupo presentou dúas mocións e que están pendentes de sometelas a ditame da Comisión Informativa que corresponda, unha relativa á proposta de creación dunha comisión sobre reto demográfico e outra propoñendo a adopción de medidas económico sanitarias para combater o COVID-19. Continuando, reitera o seu rogo de que se proceda a limpar a cuneta dunha pista de Loimil, a cal continúa invadida polos escombros por mor dun derrube, pregando que se solucione este problema dunha vez por todas, despois de varios meses solicitándoo.

Informa que na parroquia de Oca existe un edificio propiedade de Telefónica e que na actualidade está invadido pola maleza, ao igual que unha finca ao carón da dita edificación, ocasionando problemas de pragas aos veciños colindates; polo dito, considera que correspondente ao Concello requirir aos propietarios para que procedan á súa limpeza.

En relación ao tema de asfaltados, manifesta que os camiños municipais seguen nun estado lamentable, de feito estanlle chegando queixas veciñais por este motivo, entre elas a dos veciños de Ribela sobre a estrada que vai á praia fluvial, sobre unha pista no lugar de Barco por mor dunha canalización de auga e do problemas que ocasionan os anchos de vías nese lugar, etc. Quere facerlle notar estas deficiencias nos nosos viais, sobre todo cando o grupo de goberno manifestou á prensa que se destinarán oitocentos mil euros para asfaltados no rural, con cargo ao Plan Concellos. Polo dito di que lle gustaría saber cales serán as pistas que entrarán dentro nese plan de investimento.

Ao anterior, o **Sr. Alcalde** responde que, no que respecta á cuneta de Loimil e ao tema de Oca, tomará nota e enviará o antes posible ao servizo de mantemento. No relativo aos asfaltados, di que é coñecedor da situación actual, pero é imposible o estar asfaltando todos os días do ano de xeito continuo, porque é preciso facer unha planificación, previo informe dos técnicos municipais, valoración das actuacións máis prioritarias e, por último, a consecución dos fondos para levar a cabo a redacción dos proxectos e a obtención das autorizacións administrativas; todos os anteriores requisitos fanse individualmente por cada proxecto; de feito, o proxecto anterior rematouse no mes de setembro/outubro do ano pasado e este ano estamos a elaborar un novo proxecto, informando que se soe facer entorno ao verán por ser cando se abren as liñas de subvencións do PDR e do Plan Concellos e, informa, que xa se pediron as mesmas, estando pendentes a súa resolución. Polo manifestado, informa que estes proxecto soen redactarse e executarse no verán, contando o Concello neste momento con, aproximadamente, un millón de euros, estando, ademais, valorando mover con cargo ao orzamento prorrogado un crédito para investimentos no rural e así superar ese millón de euros para dar cumprimento á relación de camiños necesitadas de actuacións feita polos técnicos municipais, relación que se está a modificar continuamente segundo van xurdindo novas actuacións e que implican unhas valoracións en torno a tres millóns e pico de euros, ofrendo á oposición a posibilidade de achegarse para consultar ditas valoracións e relación. En canto a ese primeiro millón de euros cos que se vai a contar este ano, espera que durante o verán se faga efectiva a licitación e execución, posteriormente se elaborará outro proxecto para que para o ano que ven se poda levar a cabo outra serie de asfaltados, esperando que nos vindeiros tres anos se poda dar cobertura a





todas as necesidades dos viais no noso rural.

Continúa informando que se está a intentar reactivar o equipo de bacheo, parado pola falta de persoal e polo COVID-19, ademais de reforzar este servizo con persoal externo, e así facer un mantemento dos camiños menos danados e que non necesitan de labores de traballo máis profundo.

Por último, invitar a que os demais grupos pasen polo departamento de Urbanismo para consultar a información existente con respecto aos proxectos e valoracións indicadas.

O **Sr. López Bueno** di que entende que xa se teñen establecidas cales serán as actuacións a realizar neste ano, no 2021 e 2022.

O **Sr. Alcalde** aclara que non e así, senón que se ten unha valoración total e unha primeira planificación correspondente ao ano 2020, proxecto que remitiuse ao Plan Concellos e, neste momento, estase a tramitar o expediente.

O **Sr. López Bueno** aclara que non pretende iniciar un debate sobre o tema do rural, pero lembra que no ano 2019, sobre estas datas, xa había asfaltados en marcha e finalizados tamén, polo que entende que as actuacións este ano coxean, non convencéndolle o argumento do Sr. Alcalde.

Contesta o **Sr. Alcalde** que o ano 2019 foi excepcional por moitos motivos, tales como ser un ano electoral e, por esta razón, a Deputación de Pontevedra anticipou o Plan Concellos do ano 2019 a finais do 2018, permitíndolle aos concellos a anticipar o gasto e non ter que esperar que a subvención saíra no ano en curso, tal e como ocorreu este ano, o que permitiu axilizar os traballos de asfaltado. Por outra banda, di que o Plan Concellos do ano 2018 atrasouse ata finais dese ano, provocando que enlazara co correspondente ao ano 2019. Espera que esta aclaración deixe claro que non foi decisión do Concello, senón que todo veu dado por iniciativa da propia Deputación.

Continúa coa súa intervención o **Sr. López Bueno** avanzando que vai a pedir por escrito a relación e valoración das pistas do rural a incluír nos proxectos de asfaltado e así comprobar se están todas as que deben e, en caso contrario, propoñer incluír algunhas máis.

No que respecta ao servizo de desbroces, o seu grupo solicita un reforzo da brigada porque é necesario recuperar o ritmo perdido despois do parón por mor do COVID-19. Traslada varias queixas dos veciños do rural en relación ao servizo de recollida de lixo, en concreto sobre que os traballadores encargados da recollida deixan as tapas abertas dos contedores, o que está a ocasionar problemas por causa de que os animais van a eles quitando para fora as bolsas de lixo, resultando insalubre e incómodo para as persoas.

Prega que se procede a limpar e desbrozar a “Carballeira”, porque os veciños están a queixarse polo estado de abandono na que está.

Continúa dicindo que, con motivo do COVID-19, estase a teletraballar, pero moitas familias do rural están a ter problemas de conexión a internet, polo que considera que o goberno debería de preocupar para que a cobertura telefónica chegue a todo o noso rural así como tamén á móbil.

En relación a unhas declaracións feitas polo Concelleiro D. Gonzalo Louzao Dono sobre as Festas San Paio, pregunta cal é o calendario reducido para estas datas e en que se está a barallar.

A esta última pregunta, o **Sr. Alcalde** contesta que, nestes días, o ramo da hostalaría pregúntase se existe a posibilidade facer algún tipo de evento durante as festas patronais, aínda que non sexan masivos, considerando que o Estado de Alarma





previsiblemente finalice o 21 de xuño e os días 24 e 26 seguintes son festivos; por outro lado, a Banda de Música tamén preguntounos se se podería preparar un concerto vinculado a San Paio. Ante estas peticións estase a valorar o estudo xunto cos/as voceiros/as da oposición a posibilidade de organizar micro-eventos na rúa e así motivar aos/ás nosos/as veciños/as a saír e, conseguintemente, que o comercio local poida mellorar a súa situación económica. Aclara que aínda non hai nada decidido porque considera que sería precipitado, pero á vista de como está evolucionando a situación actual, é unha cuestión a valorar, tal e como se dixo hoxe na prensa, ofrecéndolle á oposición que presenten propostas para estudar de xeito conxunto.

O **Sr. López Bueno** aclara que non se lle respondeu á pregunta sobre que actividades se están pensando facer. Por outra banda, é coñecedor da inquietude do sector da hostalaría, pero quere chamar á prudencia, porque, aínda que saímos posiblemente do estado de alarma, desembocaremos nunha situación incerta, sobre todo dende o punto de vista sanitario, polo que o goberno debe ser responsable e guiarse na toma de decisións polos criterios sanitarios fixados.

En relación á organización de actividades pequenas e non masificadas, pregunta ao grupo de goberno como pensa limitar o aforo e con que protocolo vanse a realizar.

O **Sr. Alcalde** lle di que non se preocupe porque o grupo de goberno non pretende meterse nesas fonduras, porque intentará ser coherente e precavido, intentando organizar eventos cumprindo coas recomendacións sanitarias (instalación de cadeiras, ocupación do 50%, etc.) e controlando o aforo ás actividades mediante fórmulas a estudar, en todo caso aplicando a prudencia. Di que é moi importante non poñerlle freo á apertura de establecementos e á entrada, dentro das medidas sanitarias establecidas, na nova normalidade, xa que a nosa economía necesita un impulso. En canto á pregunta sobre que actividades que se pensan celebrar, contesta que non llo pode dicir porque non se ten nada programado, sendo un traballo a realizar de xeito responsable e estudado durante estes próximos días polo departamento municipal de Cultura en coordinación cos responsables das festas, supoñendo que a finais da semana que ven exista algo concreto sobre este tema para poderlle comunicar.

Continúa coa súa intervención o **Sr. López Bueno**, preguntando, se non hai nada definido sobre a programación das festas, por que o Concelleiro Gonzalo Louzao ven manifestando na prensa dende fai mes e medio esta posibilidade; entón, entende que a súas declaracións son valeiras de contido.

En relación co 8M, non entende como todos aqueles que ocupan un cargo dentro do Partido Popular non senten vergonza sobre o seu papel nesa data, entre eles o Sr. Alcalde, por non estar de acordo coa celebración do 8M e, sen embargo, estase a barallar a celebración de actos reducidos durante as nosas festas patronais, o que lle resulta contraditorio, pero como é un debate que non vai a levar a ningún acordo común, non quere afondar máis.

Di o **Sr. Alcalde** que, sobre todo, si fora socialista non tería cara de saír da casa, (aínda que a máscara a oculta) polo que han feito ata de agora, pola cantidade de mortes que houbo motivadas polas políticas e decisións que están a tomar ultimamente.

Interrompe a Concelleira do grupo do Partido Socialista, **Dña. Belén Louzao**, para pedir que conste en acta o dito polo Sr. Alcalde, porque lle parece un comentario inapropiado e falaz pola utilización das mortes do COVID-19 para defenderse.

O **Sr. López Bueno** di que o Sr. Alcalde é tamén moitas veces contraditorio, xa que,



a conta da EDUSI, manifesta que non son os mellores pero si o son de España, pois, como é tan pretencioso, pretende saber máis que a OMS ao poñer a España como exemplo de xestión, e quizais tamén sabe máis que calquera do coronavirus, pero reitera que non quere entrar en debate e facerlle dicir que a OMS di que sono os mellores do mundo.

Di o **Sr. Alcalde** que claro que é certo, de feito somos o segundo país do mundo en ter máis falecidos polo COVID-19, sinal do ben que o estar a facer os socialistas. Aclara que non é erudito en epidemioloxía, tan só fala de cifras e estas deixan clara a labor do goberno central, pero como carecen de autocritica non son capaces de recoñecer que o fixeron mal; polo dito, onde hai datos e información sobra a desinformación, considerando que trátase dun tema indiscutible e, polo tanto, non acepta o comentario que fixo a Sra. Concelleira Dña. Belén Louzao porque foi o Sr. López Bueno o primeiro que dixo que tínhamos que avergonzarnos do papel do Partido Popular e simplemente lle contestou con argumentos e na súa defensa, reiterando que se chegara a ser socialista non sairía da casa, e se esa xestión a estivera facendo o PP algúns estarían queimándonos as casas, e esa é a realidade, lembrando que houbo situacións moito menos dramáticas que provocaron conflitos moi grandes e impulsados por determinados partidos políticos que todos coñecen; polo tanto, di que aquí leccións as xustas e menos de determinados partidos e, dirixíndose á Sra. Belén Louzao, lle di que non admite a súa protesta e comentarios. Continúa dicindo que, aínda que o partido socialista ten que soportar a peor crise sanitaria que se poida lembrar e o papel que está a facer é nefasto, algo comprobable; pero independentemente, aclara que valora o papel que desempeñaron os grupos municipais da oposición neste proceso, traballando conxuntamente co grupo de goberno, pero quere deixar claro que non vai a silenciar a súa voz nin pretende que ninguén silencie a propia, porque parece que aquí pódese criticar aos demais pero non admite as críticas dirixidas a un mesmo; entende que teñen que defender a súa postura e decisións, pero tamén teñen que admitir as críticas dos que sofren esas decisións, sobre todo as administracións ou institucións que teñen que loitar cun auténtico despropósito; de feito, cando se quixo dotar aos nosos servizos de equipos básicos e medios de protección, non o puidemos facer porque o mercado estaba bloqueado polo goberno, dificultando a prestación de servizos básicos como é o de axuda domiciliaria, non sendo a única actuación nefasta do goberno central, xa que se podería contar cincuenta mil, pero o que importa agora e tirar para adiante deixando constancia do que pasou, pero considera que o Pleno municipal ten máis cousas importantes para tratar do ámbito local que utilizalo para un debate de ámbito nacional, sobre todo cando hai foros adecuados para elo.

Di o **Sr. López Bueno** que o Sr. Alcalde poderá dicir o que queira, pero a súa opinión en relación coa da OMS lle resta credibilidade.

Pregúntalle o **Sr. Alcalde** se ese é o argumento que lle mandan esgrimir no seu partido.

O **Sr. López Bueno** contéstalle que non sabe moitas cousas que poñen os informes da OMS e por iso critica as actuacións do goberno de España e o traballo do persoal sanitario do noso país; e, en canto á xestión económica, xa se verá co tempo, porque xa se veu como xestionou as súas crises o PP.

Dando por rematado este debate, o Sr. López pregunta, en relación con varios vertidos existentes no noso municipio, se durante este ano se pensan solucionar algún deles.

Resposta o **Sr. Alcalde** que se está a facer un plan de control de vertidos, constándolle a existencia de problemas nalgunha depuradora no rural, pero existen



informes e estanse a solucionar, como foi o caso da depuradora de Tabeirós; pero, na actualidade, non lle consta a existencia de vertidos, de feito non ten informes por parte de Augas de Galicia nin por parte dese plan de control. Recoñece que o sistema de control de depuración, exceptuando a EDAR de Aguións, podía ser mellorable e que é pouco óptimo, o que provoca a necesidade de facer un seguimento e mantemento continuo.

Continúa o **Sr. López Bueno** lembrando que fai pouco houbo outra vez problemas co abastecemento de augas en Codeseda, polo que pregunta se o depósito xa está executado, se se vai a mirar polas perdas de auga da canalización actual; e sobre a nova traída, sabe que a Xunta de Galicia consignou 750.000 € para esas actuacións, polo que lle gustaría saber en que estado se atopan.

O **Sr. Alcalde** responde que no que respecta á traída de auga de Codeseda, produciuse un incremento substancial de auga durante determinados días, pasando dun consumo diario de 10 m<sup>3</sup> a 60 m<sup>3</sup>. En canto aos depósitos, xa están instalados, fíxose unha captación provisional que resolveu o problema, pero debido a esa suba de consumo orixinou unha baixa no depósito provocando bolsas de aire no depósito e que dificultaron a chegada de auga aos domicilios, pero o persoal municipal resolveu o problema; pero di que, despois de moitos anos, o problema desta traída de augas está resolto, quedando tan só unha actuación por facer e que é unha captación definitiva para facer chegar a auga a estes depósitos, estando pendente nestes momentos dos informes de Augas de Galicia, o que suporía unha inversión en torno a corenta e cinco mil euros, pero insiste en que non é necesaria porque a día de hoxe o servizo está cuberto con esa traída provisional.

En relación ao proxecto da Xunta de Galicia sobre a traída de augas, non ten nada que ver con Codeseda, trátase dun desdoble na traída de auga do Umia e que vai a permitir dar servizo aos veciños das parroquias de Tabeirós e Nigoí; segue informando que dito proxecto xa está elaborado, estando pendente de asinar o Convenio con Augas de Galicia, a cal ten previsto licitar esas obras neste ano, proxecto dos que 750.000 € os pon a Xunta e 140.000 € o Concello (cantidade a abonar no ano 2021 cando se executara a obra).

O **Sr. López Bueno** aclara que non el non dixo que o problema da auga viñera do depósito, pero se sabemos que o consumo ao duplicarse non se da asumido, entende que o problema non está ben dimensionado e, polo tanto, non estaría resolto. Sobre a captación provisional, di que leva máis dun ano e no seu momento o Concelleiro Sr. Constenla Carbón afirmaba que se facían análises diarias da auga dos depósitos, polo que non sabe se se seguen a facer.

Responde o **Sr. Alcalde** de que, ao tratarse dunha auga municipal, se fan análises polo persoal responsable dos depósitos, ao igual que dos outros existentes na Estrada. Con respecto ao comentario feito polo voceiro socialista sobre que o problema de Codeseda non estaría ben dimensionado, di que pode ser que parte deses consumos de auga non pasan polo contador, polo que procedería a facer unha labor de inspección da rede de abastecemento en Codeseda para comprobar se realmente os litros que saen do depósito coinciden cos facturados polos contadores de auga; tamén sería prudente adecuar a realidade tributaria a eses consumos, entón seguramente regularíanse moitos deses excesos de consumo; polo dito, entende que non é un problema de dimensionar sen límite a prestación do servizo senón facelas máis eficientes mediante un control de inspección de contadores e consumo.

Di o **Sr. López Bueno** que o feito de controlar os consumos nos contadores non evitaría ese pico no consumo que provoca o desaxuste nos depósitos.





Contesta o **Sr. Alcalde** aclara que cando a persoa ten que pagar por un servizo contrólase máis no consumo, non deixando ao mellor toda a noite unha piscina enchéndose de auga ou unha billa aberta para a rega.

O **Sr. López Bueno** considera que entón sería un problema do Concello, por outra parte non é tan mal pensado, polo que mantén que, aínda que se controlen os consumos por contadores, o exceso íase a producir igual co conseguinte problema nos depósitos.

Continúa, trasladando una queixa dos veciños do casco urbano por mor de que os contedores de recollida de roupa usada están cheos e, incluso, con roupa fóra deles, invadindo a vía pública; polo que pregunta cando se procederá á súa recollida.

En relación cos dípticos enviados aos veciños sobre a COVID-19, di que conteñen datos que non son certos, pero o que quería saber é o custo desa iniciativa, cantos dípticos foron editados e, por último, porque se tardou en enviar esa información.

O **Sr. Alcalde** responde que non coñece esta información en detalle, polo que lle pasa a palabra ao Concelleiro de Sanidade, D. Óscar Rancaño.

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Sanidade, **D. Óscar Rancaño**, explicando que a iniciativa do envío deses dípticos débese a que, unha vez pasada a fase aguda da pandemia a nivel local, interesa manter certo grao de alerta en relación aos tres puntos básicos (hixiene de mans, uso de máscara e mantemento da distancia de seguridade) que, segundo a OMS, deben observarse para non baixar a garda e evitar accións que se están a producir no noso municipio e no resto do país (segundo medios de información). Aclara que a poboación responde adecuadamente, pero existen pequenos grupos minoritarios que relaxan as medidas de seguridade poñendo en risco ao resto dos cidadáns.

En relación ao número de dípticos repartidos, di que foron en torno a nove mil, e o custo rondou os setecentos euros.

O **Sr. López Bueno** volve a intervir para dicir que lle parece que esa información chega tarde e a explicación de manter a alerta lle parece un pouco peregrina.

Inicia a súa quenda a voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Dña. Mar Blanco Casais**, para dicir, en primeiro lugar, que non está de acordo del todo con el reparto dos nomeados dípticos, porque, aínda que dar esta información é positivo, observou un erro no número de teléfono que neste se reflexa, de feito ela chamou e contesta a compañía eléctrica Xenera.

O Concelleiro **Óscar Rancaño**, lle responde que se trata dun erro de transcripción que non se puido corrixir por causa de que os dípticos xa estaban repartidos polo servizo de correos.

Continúa a **Sra. Mar Blanco** aclarando que a maioría dos rogos que pretendían presentar nesta sesión xa foron tratados anteriormente, tales como o tema dos desbroces, pero quere facer fincapé na necesidade de intensificar os traballos de desbroce na contorna do casco urbano, en concreto na parte inferior das Avenidas de Benito Vigo e Fernando Conde, onde a maleza invade practicamente as beirarrúas, dificultando o paso dos viandantes.

O **Sr. Alcalde** lle responde que a competencia de limpar esas rúas é do Ministerio de Fomento (gobierno do Partido Socialista), por iso o voceiro deste grupo non fixo referencia a este problema na súa intervención. Aclara, finalmente, que se puxo en contacto coa concesionaria do mantemento na N-640.







A **Sra. Mar Blanco** di que, aínda que non é competencia municipal, o Concello debe insistir aos responsables para que procedan á súa limpeza; pero o que si é competencia municipal é o mantemento da Carballeira, do que se xa falou, pero quere insistir que se arranxe o estado de abandono no que se atopa e que, incluso, supón un perigo para os/as nenos/as que xogan nese entorno; ademais, considera que se trata dun espazo moi atractivo e que debería fomentarse con espazos para a realización de actividades e xogos, o que suporía pouca inversión. Polo dito considera pouco crible o fomento de espazos naturais con cargo ao proxecto de mobilidade urbana, cando temos este espazo preto do casco urbano agradable pero en total estado de abandono, crendo que de cara a este verán deberíase humanizar.

O **Sr. Alcalde** di que houbo un proxecto de adecuación da Carballeira municipal que foi executado no ano 2017 a través do Obradoiro de Emprego, pero é certo que agora necesita dunha posta a punto mediante o respectivo desbroce e que se fará pronto, pero pouco máis, porque soe ir por alí moitas veces e non ve que esta zona estea tan abandonada; outra cousa é que ao mellor podía estar máis xestionada e explotada, pero discrepa en que se trata dun espazo tan abandonada.

A **Sra. Mar Blanco** insiste que se trata dun espazo moi mellorable e que necesita de mantemento, sobre todo agora que está a ser utilizado non só por persoas con mascotas senón tamén de familiar con nenos.

A continuación fai referencia ao rogo presentado o 03/06/2020 (2020-E-RPLN-3) polo concelleiro do seu grupo político municipal, D. Iván Sanmartín, que literalmente di: *“Nunha zona moi próxima o final da rúa Figueroa de Arriba existen unha serie de tubos, polo menos 4, que verten residuos no río Barranqueira de Ponte Nova contaminando o mesmo, e a súa vez tamén o río Liñares posto que o anterior desemboca neste. Achéganse fotografías e plano de situación do lugar dos verquidos que provocan un forte cheiro a xabrón ou deterxente, e que tamén cambián a textura e cor da auga. Achéganse fotografías e plano de situación dos citados tubos.”*

Ao abeiro do anterior, reitera o rogo de que por parte do Concello se proceda a arranxar estes vertidos e tubos e, posteriormente, iniciar as actuacións necesarias para eliminar a contaminación.

Tamén quere deixar constancia do mal estado en que se atopan as nosas pistas do rural e que son de titularidade municipal, engadindo ás que xa se relacionaron anteriormente á de A Grela - Codeseda e a que vai de O Sol a Moreira. Prega que nesas valoracións que se están a facer de cara á redacción dos proxectos correspondentes se prioricen aquelas que en peor estado se atopen; de todos xeitos acercárase polo departamento de Urbanismo para consultar ese listado de valoracións e proxectos que se queren levar a cabo.

Traslada a queixa de veciños pola existencia de ratas pola Rúa Xusto Martínez.

Di que na Avda. Benito Vigo e pola parte de atrás do FROIZ, tamén existen multitude de ratas.

Respóndelle o **Sr. Alcalde** que avisará ao servizo de desratización para que estean atentos a eses puntos sinalados cando fagan a súa campaña, a cal é nestas épocas.

En canto ao tema de asfaltados do rural, cre que as pistas sinaladas pola Sra. Blanco xa están recollidas nos proxectos, volvendo a explicar o estado na tramitación dos mesmos e que deu anteriormente en contestación ao voceiro do Partido Socialista.

No relativo ao tema dos vertidos de Figueroa, é un problema detectado fai tempo, existindo un problema moi grave polas pluviais da Avda de Santiago e que supuxo a posta en marcha un proxecto para sanear toda esa zona e que resolveu o problema dándolle saída a todas esas augas que nacen nese ámbito en dirección a regato de Figueroa, debendo ser augas limpas, pero detectouse que algunha vivenda non tiña



ben realizadas as súas conexións da rede de saneamento o que supuxo unha inspección e, como resultado, sospéitase que algún edificio ten conectada a rede de saneamento á rede de pluviais; tamén hai un tubo do bombeo que vai directamente á rede de pluviais, aínda que non é moi conflictivo.

Pide a palabra o concelleiro do grupo municipal de MOVETE, **D. Iván Sanmartín**, para informar que estivo nesa zona á solicitude dos veciños, e notou moito cheiro a xabón e deterxentes, polo que podería ser que se tiveran conectadas as lavadoras á rede de pluviais.

O **Sr. Alcalde** di que seguramente, porque comprobouse, os cartos de baño e as cociñas están conectados á rede de pluviais, pero insiste en que se está a facer esa inspección, tendo algún edificio baixo sospeita pola súa mala conexión, esperando que nos próximos días estea resolto o problema.

O **Sr. Iván Sanmartín** en relación ás augas de Codeseda, di que lle estraña que houbera consumos excesivos por parte dalgunha vivenda, sorprendéndolle que estes problemas sempre pasen en Codeseda e non noutras parroquias da Estrada, porque ao fin e ao cabo Codeseda non é tan diferente das outras parroquias, preguntando se se ten analizado por que ocorre esta situación.

O **Sr. Alcalde** contéstalle que a razón é porque a traída de Codeseda é a única municipal que existe no rural, non existindo outra que teña unha traída pública; porque as outras que poidan ter este servizo están no perímetro de casco urbano.

Comenta o **Sr. Iván Sanmartín** que, ao mellor, a solución a curto prazo sería controlar o consumo de auga abusivo por parte certos veciños.

O **Sr. Alcalde** di que cando se fixo o proxecto dese abastecemento aumentouse considerablemente a capacidade dos depósitos, pero quen lle pode explicar mellor é o concelleiro delegado de Rural D. Juan M. Constenla Carbón.

Intervén o **Sr. Contenla Carbón** informando que o servizo de abastecemento de Codeseda está totalmente cuberto, habendo 130 m<sup>3</sup> de auga depositada, contando ambos depósitos; pero cando hai un uso excesivo de auga os depósitos baléiranse rapidamente provocando bolsas de aire que deixan sen auga ás vivendas, por eso os traballadores teñen que acercarse para solucionar o problema. Informa que onte a mañá foi hasta alí, comprobando que os depósitos están ao cen por cen, asegurando que neste momento o servizo está cuberto. En canto á localización desas fugas é bastante complicado, aínda que sospéitase, ao non haber roturas de tubos, que algunha persoa estará defraudando o consumo da auga evitando que pase polo contador.

O **Sr. Alcalde** quiere aclarar que se duplicou a captación de auga e, por conseguinte, tamén a capacidade, pero non é un problema de suficiente no subministro de auga, porque o consumo diario de Codeseda é de 10 m<sup>3</sup>, pero cando se produciu a falla o consumo foi de 60 m<sup>3</sup>, o que deixa claro que foi un consumo excesivo puntual, como por exemplo o recheo dunha piscina, ou rego de fincas; pero aínda non está detectado, aínda que se está a ir todos os días para comprobar e inspeccionar.

O **Sr. Iván Sanmartín** di que entende as explicacións, pero quiere insistir no tema porque sempre pagan os xustos polos pecadores, e esta situación prexudica a aqueles que teñen locais de hostalaría, pregando que se solucione o problema para que non volva a ocorrer.





Toma a palabra a voceira do grupo municipal Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para, en primeiro lugar, expresar que considera lamentable a intervención do Sr. Alcalde cando se falou do 8M facendo alusións moi pouco elegantes a membros doutras formacións políticas e que forman parte deste pleno, para así defenderse dunha forma bastante infantil; e, no que respecta ao seu comentario sobre o 8M, lamenta profundamente que se faga eco das demagogias dos partidos políticos herdeiros do franquismo e do supremacismo.

Continúa coa súa quenda de intervención e, en relación co asfaltados de pistas, quere trasladar o mal estado no que se atopa a estrada que vai dende Sto. André de Veá a Requián; tamén nesta mesma parroquia, a pista que vai dos lugares de Ribeira a Santo Bartolomeu; pedindo que sexan incluídas nesa relación de pistas a incluír nos proxectos respectivos.

Contesta o **Sr. Alcalde** que xa están incluídas.

A **Sra. Camba Castro** informa que tamén existe outra necesitada de arranxo en Guimarei, que comunica os lugares de A Torre e A Costa.

Informa tamén da existencia dun vertido de lixo na parroquia de Agar, lugar de Outeiro, algo que xa puxo en coñecemento do Concelleiro do Rural.

Contesta o Concelleiro **D. Juan M. Constenla**, de que ese vertido está localizado e se está a retirar o escombros alí depositado.

Continúa a **Sra. Camba Castro** o rogo para que se desbroce na parroquia de Aguións, unha parte do Camiño Real que baixa dende a Igrexa á estrada que une Barbude coa Praia Fluvial; porque, ano tras ano, os veciños son os que o desbrozan eles mesmos ou contratando o servizo, manifestando o seu malestar por mor de que o Concello non se faga cargo destes traballos.

O **Sr. Alcalde** quere contestar á introdución feita pola voceira do grupo Mixto, aclarando que non lamenta en absoluto o manifestado anteriormente e de diferenciarse de certos partidos políticos e, neste caso, non podemos sentirnos ofendidos pola postura política de cada un; ademais, existe a costume e o defecto dalgúns partidos de expedir carnés de bos e malos galegos, de bos demócratas e malos demócratas, impoñendo as súas ideas como as boas; e el ten a súa forma de ver e de pensar e así o manifesta, pero como os demais teñen a pel moi fina, todo lles ofende, considerando como boas accións aquelas que el non comparte, tales como ocupar as rúas, violar os dereitos dalgúns persoas, etc; pero como eles si teñen os dereitos absolutos non son criticables, agora, pensar distinto xa non é un dereito e non se pode manifestar e, ultimamente, non se ten dereito de replica nin de opinión.

A **Sra. Camba Castro** reitérase na súa crítica ás manifestacións lamentables do Alcalde cando ninguén lle dixo nada, nin sequera se falou dos recortes de sanidade feitos pola Xunta de Galicia mentres estaba gobernando o PP.

Di o **Sr. Alcalde** que, aínda que coinciden en moitas cousas, neste tema discrepan, aclarando que non ten ningún problema cos fundamentos do 8M, polo contrario está totalmente de acordo, pero o que cuestiona é a celebración desa manifestación ante a problemática do COVID-19, algo que seguramente estarán de acordo moitos a día de hoxe sabendo as consecuencias que tivo. Polo que está a criticar as actuacións dun goberno que encadea decisións erróneas e nefastas despois desa manifestación porque, ao igual que outros países, puido anticiparse ao control da pandemia e haber evitado tantas mortes, e isto non quere dicir que questione o que di a OMS nin outros organismos, só di que España e o segundo país despois de Bélxica que máis mortes





ten por esta pandemia, datos indiscutibles.

A **Sra. Camba Castro** di que non vai a entrar en defendee nin atacar, só quere dicir que o actual goberno nunha situación difícil foi acertado en moitas cousas e erróneo noutras, e a información que ten o Sr. Alcalde sobre o 8M non é de toda certa, pero reitera que as súas afirmacións están ideolixadas.

Non habendo máis intervencións, levántase a sesión, sendo as vinte e dúas horas corenta e tres minutos do día do seu comezo.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 5XJRXAEHXDZC2LLDTE5QH7LD | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 12

---

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233